

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXEN A
CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL CONSISTENTE NA CONSTRUCCIÓN,
EXPLOTACIÓN E XESTIÓN DE CATRO PISTAS DE PADEL NO FRONTÓN MUNICIPAL
DO CONCELLO DA ESTRADA.**

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto do Contrato

Constitúe o obxecto deste contrato, ao que lle é de aplicación o presente prego, a explotación e xestión das pistas de pádel municipais sitas no Frontón municipal da Estrada, así como a elaboración do proxecto e posterior construción das catro pistas de pádel que compoñen estas instalacións deportivas, de acordo coas características técnicas que se adxuntan no Prego de Técnicas e no proxecto básico redactado polo técnico municipal D. Daniel Orrea Corral, dentro da parcela municipal nº289 do Polígono 95 do Catastro, coas condicións seguintes:

Uso predominante: equipamento público

Uso Principal: deportivo

Ocupación: 1.410,00 m² do total da parcela

A construción, instalación e explotación do presente contrato farase baixo o réxime que de seguido se sinala. O solo entrégase como corpo certo, nas condicións que se atope na adxudicación do contrato, non sendo susceptible de reclamación como consecuencia das condicións xeolóxicas e topográficas ou análogas que poida encarecer a construción da instalación proxectada.

O contrato definido nestes pregos ten a consideración de concesión demanial sobre bens de dominio público, excluído por tanto explícitamente do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, art. 4.b). No referente ao réxime xurídico dos bens afectados, estamos ante un “uso privativo” de bens de dominio público, según detalla o art. 5.1 da LPAP, consistente na construción da instalación e explotación de catro pistas de pádel no frontón municipal, de forma que os efectos xurídicos da construción son conxuntos coa explotación e xestión á que se destinan. A tramitación e adxudicación do expediente realizarase de conformidade co establecido nos arts. 83 e ss do RGLPAP. A relación xurídica establecida entre a Administración e o concesionario ten natureza administrativa, polo que as cuestións ou diverxencias que existan resolveranse en vía administrativa e unha vez esgotada, ante a xurisdición contencioso-administrativa.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación

De acordo co artigo 93 da Lei 3/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas: “O outorgamento de concesións sobre ben de dominio público efectuarase en réxime de concorrencia. O mencionado artigo ten carácter básico segundo o disposto na Disposición Final 2ª da devandita Lei, de acordo con preceptuado no artigo 149.1.18 da Constitución Española.

Este expediente de contratación tramitarase por procedemento aberto, consonte ao establecido nos artigos 157 e seguintes do TRLCSP., e tramitación ordinaria. No procedemento aberto, todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 14 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá atenderse a varios criterios vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co artigo 150 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro e coa cláusula décimo quinta deste Prego.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

CLÁUSULA TERCEIRA. O Perfil de Contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade nos casos esixidos polo TRLCSP ou nos que así se decida voluntariamente, o Concello difundirá a través de Internet (www.aestrada.com) no seu perfil de contratante todas as noticias, avisos e documentación relativos a este contrato.

Cando non se facilitara o acceso aos pregos ou a outra documentación complementaria, os interesados poderán solicitar que se lle envíe. Esta documentación será enviada no prazo de 6 días a partires da recepción de dita solicitude, segundo o disposto no artigo 158 do TRLCSP. Así mesmo, os licitadores poderán consultar os pregos e demais documentación no Departamento de Secretaría deste Concello en horario de 09:00 a 14:00 horas.

CLÁUSULA CUARTA. Duración do contrato e Canon concesional.

O prazo de utilización do ben de dominio público será de 20 anos. Dito prazo concesional contarase a partires da sinatura do contrato, comprendéndose en dito prazo o necesario para a execución das obras de construción e instalación, construción que se executará no prazo máximo de 2 meses dende a notificación da aprobación do proxecto.

Non obstante o anterior, a concesión poderá ser prorrogada, por acordo das partes, sucesivamente, por un periodo máximo de 10 anos máis, ata un máximo de 30 anos. Unha vez cumprido o mesmo, a totalidade das obras e instalacións revertirán ao Concello da Estrada, en perfecto estado de conservación e libres de calquera carga ou gravame.

O canon anual, que comportará o deber do concesionario de abonar o importe dos danos e perdas que se causasen aos bens ou ao uso xeral ou servizo ao que estivesen destinados, que serve de

CLÁUSULA SEPTIMA. Presentación de Proposicións

Os interesados disporán dun prazo de 15 días naturais, contados dende a publicación do anuncio do contrato no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para a presentación da súa proposta de participación.

Caso de que o último día de prazo fora inhábil ou sábado, o prazo quedará prorrogado, ata o seguinte día hábil non sábado.

Tamén se poderán presentar por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no artigo 80 do R. D. 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, agás por correo electrónico.

Cando a documentación se envíe por calquera dos procedementos antes sinalados o empresario deberá xustificar a data e a hora da imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante correo electrónico (secretaria@aestrada.es), ou tamén mediante fax (número 986 571469) ou telegrama, sempre no mesmo día.

A Proposta de participación presentarase nun sobre pechado, que levará a inscrición:

“Documentación Administrativa e Oferta do procedemento aberto para “CONCESIÓN DEMANIAL CONSISTENTE NA CONSTRUCCIÓN, EXPLOTACIÓN E XESTIÓN DE CATRO PISTAS DE PADEL NO FRONTÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DA ESTRADA” presentada por”. No interior dese sobre deberán vir á súa vez tres sobres, segundo o previsto nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (Sobre A: Documentación Administrativa; Sobre B: Documentación cuxa Ponderación Depende dun Xuízo de Valor. Sobre C: Proposición Económica e Documentación Cuantificable de Forma Automática.».

A denominación dos sobres é a seguinte:

- **Sobre «A»: Documentación Administrativa.**
- **Sobre «B»: Documentación cuxa Ponderación Depende dun Xuízo de Valor.**
- **Sobre «C»: Proposición Económica e Documentación Cuantificable de Forma Automática.**

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado en que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo do devandito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudo e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade.

e) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

f) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

g) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

h) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

i) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar. De conformidade co art. 74.2 do TRLCSP, tamén servirá para acreditar a solvencia económica e técnica do empresario, a súa clasificación en contratos do mesmo tipo.

De conformidade co art. 74.2 do TRLCSP, tamén servirá para acreditar a solvencia económica e técnica do empresario, a súa clasificación en contratos do mesmo tipo.

Todos estes documentos, necesarios para acreditar a solvencia económica e financeira e técnica dos licitadores, poderán ser substituídos, pola presentación do documento acreditativo da súa inscrición no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia. (Recordar que este documento só deberá presentarse polo proposto como adxudicatario no momento que lle sexa requerido xunto coa proposta de adxudicación).

base á licitación fíxase en 9.034,72 euros, como mínimo, tal e como consta na valoración feita polo Técnico Municipal D. Daniel Orrea, que obra no expediente, e sen perxuízo das melloras que os licitadores poideran ofertar, actualizado ao índice de prezos ao consumo interanual do Sector Servizos. Durante os primeiros 10 anos, non se satisfará canon algún. A partires do ano 11 procederá o pago do canon por anualidade, atendendo a trimestres naturais, mediante ingreso bancario, pola cuantía do 25% do canon ofrecido polo concesionario cada trimestre.

CLÁUSULA QUINTA. Órgano de Contratación

Á vista do importe do contrato que ascende a 106.350,91 euros, IVE engadido, no que respecta á obra a realizar, e a duración do mesmo que ascende a vinte anos, o órgano competente para efectuar a presente contratación e tramitar o expediente, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, será o Alcalde, xa que corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades locais a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicadas.

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da Aptitude para Contratar

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

1. A **capacidade de obrar** dos empresarios acreditarase:

a) A capacidade de obrar dos empresarios que fosen **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) A capacidade de obrar dos **empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Os **demais empresarios estranxeiros**, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba por parte dos empresarios da **non concorrencia dalgunha das prohibicións de contratar** do artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, de Contratos do Sector Público, poderá realizarse:

a) Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de **empresas de Estados membros da Unión Europea** e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A **solvencia do empresario**:

3.1 A **solvencia económica e financeira** do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.

3.2. Nos contratos de servizos, a **solvencia técnica** dos empresarios acreditarase por un ou varios dos seguintes medios:

a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

SOBRE «A»

DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

En aplicación do disposto no art. 146 do TRLCSP, na redacción dada polo art. 44.4 da Lei 14/2013, de 27 de setembro de 2013, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, a documentación administrativa, no momento de presentación da proposición consistirá nunha **declaración responsable** que vai unida a este prego como **anexo I**, respectando o modelo que se xunta. Dita declaración debe ter como data máxima de referencia a de finalización do prazo de presentación de proposicións. **Xunto con dito anexo I deberá presentarse o resgardo acreditativo de ter constituído a garantía provisional por importe de 1500 euros.**

O licitador en quen recaia a proposta de adxudicación, ou aquel que sexa requirido polo órgano de contratación, deberá acreditar ante dito órgano, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos no art. 146.1 do TRLCSP, que de seguido se relacionan. Ditos documentos poderán ser substituídos, no momento da proposta de adxudicación, pola presentación da súa inscrición no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia.

A.- PORTADILLA

Escrito, asinado polo mesmo que asinará no seu caso o contrato, no que conste o número de teléfono e de fax, enderezo, e a persoa á que dirixir as comunicacións e requirimentos que sexa preciso realizar durante o procedemento de contratación.

B.- CAPACIDADE

Empresario individual: Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade, pasaporte ou documento equivalente.

Persoas xurídicas:

- Fotocopia compulsada do DNI do asinante da proposición.

- Escritura de constitución e modificación, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, que lle sexa aplicable.

- Fotocopia da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada

Empresas non españolas de estados membros da Unión Europea:

- Certificación de inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas, ou declaración xurada ou certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Empresas non comunitarias:

- Informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente (ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa) relativo á súa capacidade de obrar.

- Informe da Misión Diplomática Permanente española de que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa

Administración, en forma substancialmente análoga.

As empresas estranxeiras (tanto as comunitarias como as non comunitarias) presentarán a súa documentación traducida de forma oficial ó castelán ou ó galego.

C.- PODERES

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de Sociedade ou Persoa xurídica, deberá acompañarse Poder bastante para representar á Persoa ou Entidade en nome da que vai actuar ante a Administración.

A mera presentación do Poder equivale a unha declaración expresa do apoderado de que o poder se atopa en vigor.

D.-BASTANTEO

Os poderes ós que se refire o apartado anterior deberán bastantearse previamente polo Secretario Xeral da Corporación, Notario ou letrado en exercicio.

E.- DECLARACIÓN RESPONSABLE E XUSTIFICACIÓN DE ESTAR Ó CORRENTE DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E PARA COA SEGURIDADE SOCIAL

Declaración de non estar incurso o licitador nas prohibicións para contratar recollidas no artigo 6o do TRLCSP, que recollerá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes (sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal circunstancia deba presentarse en todo caso antes da adxudicación, pola parte do licitador que previsiblemente vai resultar adxudicatario).

F- ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA ECONÓMICA E TÉCNICA:

1) Solvencia económica e financeira

A solvencia económica e financeira poderá acreditarse por algún dos medios sinalados a continuación:

- Seguro de indemnización de riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato ou no seu defecto, o establecido regulamentariamente.

a) No caso de entidades con personalidade xurídica propia (sociedades mercantís):

contas anuais (Conta de Perdas e Ganancias) dos tres últimos anos presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda e/ou os modelos 200 (Declaración-liquidación do Imposto sobre Sociedades) dos cinco últimos anos

b) No caso de titulares de actividades económicas no ámbito do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF)

b.1) Empresarios e profesionais con tributación do IRPF mediante o método de estimación directa

normal ou simplificada

- Libro de rexistro de vendas e ingresos dos tres últimos anos (debendo estar debidamente legalizados para aqueles que teñan a dita obriga).
- Modelo 390 (declaración-resumo anual do IVE) dos tres últimos anos e/ou modelo 100 (documento de ingreso ou devolución da declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas) dos cinco últimos anos.

b.2) Empresarios e profesionais con tributación do IRPF mediante o método de estimación obxectiva

- Libro de rexistro de vendas e ingresos dos tres últimos anos e/ou modelo 100 (documento de ingreso ou devolución da declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas) dos últimos cinco anos.
- Declaración responsable asinada polo representante legal que acredite que o libro de rexistro de vendas e ingresos reflicte a imaxe fiel da actividade económica da empresa. En caso de non dispor deste libro a declaración debe acreditar que o rendemento neto da actividade reflicte a imaxe fiel da súa actividade económica.

E, en todo caso acreditarase por calquera dos medios previstos no artigo 75 do TRLCSP.

2) Solvencia técnica

A solvencia técnica poderá acreditarse por algún dos medios indicados a continuación:

- Titulacións académicas e profesionais dos empresarios e do persoal de dirección da empresa, e en particular, do persoal responsable da execución do contrato.
- Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que disporá para a execución dos traballos e prestacións, a que se axuntará a documentación acreditativa pertinente.

E, en todo caso, acreditarase por calquera dos medios previstos no artigo 79 do TRLCSP.

De conformidade co art. 74.2 do TRLCSP, tamén servirá para acreditar a solvencia económica e técnica do empresario, a súa clasificación en contratos do mesmo tipo.

G- SOMETEMENTO DAS EXPRESAS ESTRANXEIRAS ÓS TRIBUNAIS ESPAÑOIS

Declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de xeito directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdicional estranxeiro que puidera corresponder ó licitante.

H- DOCUMENTO DE ACEPTACIÓN DE FORMA DE COMUNICACIÓN/NOTIFICACION

De acordo co disposto no artigo 146.1.d) do TRLCSP, os licitadores indicarán unha dirección de correo electrónico a efectos de notificación de acordo co seguinte modelo:

D/Dna.:, no seu nome propio (ou en

representación da empresa.....), acepto expresamente que as comunicación que realice o concello da Estrada, se envíen ao correo electrónico:.....

En.....a.....de.....2015

Sinatura do licitador

I- GARANTÍA PROVISIONAL.

Resgardo acreditativo de ter constituído a garantía provisional por importe de 1500 euros [ata 2% do presuposto do contrato].

Lémbrese que estes documentos que se acaban de relacionar, poderán ser substituídos, no momento da proposta de adxudicación, pola presentación da súa inscrición no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, agás o documento acreditativo de ter constituída a garantía provisional.

SOBRE «B»

DOCUMENTACIÓN PONDERABLE A TRAVÉS DE XUÍZOS DE VALOR

Incluirá aqueles documentos que sexan precisos para a valoración dos criterios que dependan dun xuízo de valor. Neste suposto concreto, ditos documentos son:

- **Proxecto de construción**
- **Proxecto de explotación da instalación**

SOBRE «C»

PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE FORMA AUTOMÁTICA.

a) Proposición económica:

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

«D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n.º _____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade _____, con CIF n.º _____, decatado da convocatoria de oferta, para a concesión administrativa do ben de dominio público _____ sito en _____, procedemento aberto oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, anunciado no *Boletín Oficial da Provincia* n.º _____, de data _____, e no Perfil de contratante, fago constar que coñezo o Prego que serve de base ao contrato e acéptoo integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato de acordo coa

seguinte proposta:

- Maior canon anual ofertado, que ascende a euros.
- Prazo de concesión ofertado: anos
- Inversión global xustificada según determinan os pregos de prescricións técnicas: euros
- Redución dos importes das tarifas básicas
- Cesión horas municipais semanais: horas

En _____, a ____ de _____ de 20__.

Sinatura do licitador,

Asdo.: _____».

CLÁUSULA OCTAVA. Garantía provisional

Os licitadores deberán constituir unha garantía provisional por importe de **1.500 euros** [ata o 2% do presuposto do contrato], que responderá do mantemento das súas ofertas ata a adxudicación do contrato.

A garantía provisional depositarase:

— Na Caixa Xeral de Depósitos o en sus sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou na Caixa ou establecemento público equivalente das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban surtir efecto cando se trate de garantías en efectivo.

— Ante o órgano de contratación, cuando se trate de certificados de inmovilización de valores anotados, de avais ou de certificados de seguro de caución.

A garantía provisional extinguirase automáticamente e seralle devolta aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación do contrato. En todo caso, a garantía será retida ao licitador cuxa proposición fora seleccionada para a adxudicación ata que proceda á constitución da garantía definitiva, e incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.

O adxudicatario poderá aplicar o importe da garantía provisional á definitiva ou proceder a unha nova constitución desta última, neste caso a garantía provisional cancelarase simultaneamente á constitución da definitiva.

CLÁUSULA NOVENA. Criterios de Adjudicación

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios de adjudicación.

A. Criterios cuantificables automaticamente (60 puntos):

.- Maior canon: De 0 a 15 puntos. A valoración farase calculando a oferta que se realice sobre o canon anual base licitación (9.034,72 €). A mellor oferta económica sobre o canon anual do contrato será valorada coa máxima puntuación establecida para este criterio; atribuíndose ás restantes ofertas a puntuación que proceda proporcionalmente, polo procedemento de regra de tres simple directa.

.- Minoración do prazo de duración da concesión: de 0 a 15 puntos. Tendo en conta o prazo máximo de duración de 20 anos, valorarase cun máximo de 15 puntos aplicando un punto por cada seis meses de diminución ofertado sobre o máximo previsto.

.- Inversión global xustificada: de 0 a 10 puntos. Presuposto detallado especificando todos os conceptos citados na memoria, Os presupostos parciais das edificacións e instalacións e equipamento, detallaranse ou dividiranse por capítulos. O orzamento global conterá os seguintes custos: Presuposto de execución, material das obras, instalacións e equipamento, Estudio e Plans de Seguridade, Estudio xeotécnico e ensaios, no seu caso, e urbanizacións, instalacións, permisos e impostos aplicables. A puntuación máxima outorgarase ao licitador que presente unha maior inversión, partindo do orzamento básico previsto no Proxecto, calculándose os demais de xeito proporcional.

.- Redución dos importes das tarifas básicas: de 0 a 10 puntos. Valorase cun máximo de 10 puntos a oferta máis baixa da suma dos importes das tarifas básicas recollidas no prego (ANEXO II). O resto das ofertas valoraranse calculando dita proporción mediante regras de tres, de tal maneira que se aplicará a máxima puntuación á oferta máis baixa e adjudicarase proporcionalmente a dita baixa o resto das ofertas.

.- Cesión de horas ao Concello para uso municipal: de 0 a 10 puntos. Partindo da obriga do adjudicatario da cesión semanal de 5 horas ao Concello, para o uso das instalacións, valórase cun máximo de 10 puntos a aquel licitador que ofrezca o maior número de horas semanais de cesión ao Concello, e as demais ofertas valoraránse de maneira proporcional. Se só iguala a cesión de horas semanais prevista nestes pregos como obligatoria (5 horas semanais) a valoración deste apartado será cero puntos.

B. Criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor (40 puntos):

Proxecto de Construción: de 0-15 puntos. Segundo as determinacións do proxecto básico que se facilita como anexo a estes pregos. Deberá conter os seguintes documentos:

MEMORIA: Trátase dunha memoria detallada do investimento a realizar, describindo perfectamente todos os elementos que a integran e os usos das diferentes edificacións, así como os criterios de deseño establecidos e describindo o programa de uso e funcionamento de cada elemento da instalación. Describiranse os sistemas construtivos, especificando calidade e descrición de materiais e contemplando a posibilidade de citar sistemas e produtos industriais. Descrición das instalacións e o equipamento deportivo, cos detalles que se estimen necesarios. Cadro de superficies útiles e

xustificando as actuacións (limpezas, desbroce, repoboacións, plantacións, etc). Planificación da infraestrutura (instalacións eléctricas, saneamento, auga, luz etc).

PLANOS (coas escalas adecuadas a cada contido) ➤ Situación ➤ Plano de accesos á instalación. ➤ Plano xeral de parcela. ➤ Planos das edificacións. ➤ Plano de urbanización, indicando viais, zonas axardinadas, redes de abastecemento (auga, electricidade e iluminación, saneamento, gas natural, telefonía, etc). ➤ Poderá aportarse toda a documentación gráfica que se precise e á escala que estime oportuno.

PRESUPOSTO (este apartado incluírase exclusivamente no sobre económico C como “Inversión global xustificada” e non será obxecto de valoración neste apartado)

PLAN E PRAZOS DE EXECUCIÓN Realizarase una descrición detallada do plan de execución das obras, instalacións e equipamento, así como do prazo que se estime necesario ata a súa finalización.

Proxecto de Explotación da instalación: de 0 a 25 puntos.

Valoraránse neste proxecto os seguintes subcriterios coa puntuación correspondente:

.- **Plan económico-financeiro** que demostre a viabilidade da concesión plantexada con expresión de: Estudo de mercado, investimento a realizar con fórmulas posibles de financiación, cálculo de rentabilidade en función da amortización, intereses, gastos da explotación e ingresos probados, e cualesqueira outros datos económicos necesarios para a súa valoración polo técnico competente na materia. **(ata un máximo de 2,5 puntos)**

.- **Programa de explotación** e proxeccións económicas que conteña, cando menos o volume de investimentos a realizar polo licitador, os custos de man de obra a empregar, os custos de produtos e materiais, gastos xerais de xestión, beneficio industrial e impostos de todo tipo que graven a actividade **(ata 7,5 puntos)**

.- Avance do **Plan de Mantemento da instalación**.- Relación de postos de traballo que se prevé adscribir ao funcionamento da instalación con especificación dos salarios. **(ata un máximo de 5 puntos).**

.- **Prazo de posta en funcionamento** do servizo a contar a partir da formalización do contrato. **(ata un máximo de 2,5 puntos).**

.- **Melloras** relacionadas co obxecto do contrato no que respecta ao proxecto de explotación, que non supoñan gasto para a Administración e que se axusten aos obxetivos xerais da Concellería de Deportes, en materia de fomento do deporte en relación coa educación: a) Posta en funcionamento das Escolas Deportivas Municipais de Pádel. Valoración do número de pistas cedidas e os horarios asignados pola empresa concesionaria á escola. A escola poderá utilizar as instalacións para las clases, competicións e campus de verán e/ou nadal, dependendo do número de alumnos. b) Actividades ofertadas e coordinadas cos centros educativos do Concello da Estrada. Ofertar aos centros educativos horarios para ter opción de utilizar as instalacións dentro de horario lectivo e con menor carga de usuarios. c) Equipamento e material. A empresa concesionaria aportará todo o material necesario para o desenvolvemento das clases da Escola Deportiva Municipal de Pádel: carros, bolas, conos, picas, etc., a excepción da pala que será por conta de cada alumno. d) Preferencia dos socios da instalación no acceso a Escola Deportiva Municipal. Os socios sempre terán dereito de acceso preferente a escola con respecto os usuarios externos. e) Funcionamento das Escolas Deportivas Municipais de Pádel. A

empresa concesionaria deberá de trasladar a Concellería de Deportes do Concello da Estrada as consideracións que estime oportunas sobre o funcionamento da propia escola e a composición do equipo técnico que conforma a mesma. **(ata un máximo de 7,5 puntos)**

A avaliación das ofertas conforme aos criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas realizarase tras efectuar previamente a daqueloutros criterios en que non conorra esta circunstancia, deixándose constancia documental diso.

Cando se tome en consideración máis dun criterio, deberá precisarse a ponderación relativa atribuída a cada un deles, que poderá expresarse fixando unha banda de valores cunha amplitude adecuada. No caso de que o procedemento de adxudicación sexa articulado en varias fases, indicarse igualmente en cales delas se irán aplicando os distintos criterios, así como o límite mínimo de puntuación esixido ao licitador para continuar no proceso selectivo.

Cando, por razóns debidamente xustificadas, non sexa posible ponderar os criterios elixidos, estes enumeraranse por orde decrecente de importancia.

CLÁUSULA DÉCIMA. Mesa de Contratación

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, en relación co artigo 21.2 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma e actuará como Secretario un funcionario da Corporación. Formarán parte dela, **polo menos catro vogais**, entre os cales estará o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, así como aqueloutros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma.

Conforman a Mesa de Contratación os seguintes membros:

- D. José Lopez Campos, Alcalde-Presidente, que actuará como Presidente da Mesa.
- D^a Lucía Artime Alonso, Vogal (Secretaria da Corporación).
- D. Luis Lozano Lorenzo, Vogal (Interventor Accidental da Corporación).
- D. Daniel Orrea Corral, Vogal (Arquitecto Técnico Municipal).
- D. David Carballo Calvelo, Vogal (Técnico de Deportes).

Actuando como secretario da Mesa un/unha funcionario/a, nomeado ao efecto.

CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Apertura de Proposicións

A cualificación da documentación presentada a que se refire o artigo 146.1 do TRLCSP, realizarase pola mesa de contratación constituída para o efecto unha vez rematado o prazo de presentación de proposicións.

Se a mesa observase defectos ou omisións emendables, ou necesítase aclaracións sobre os certificados e documentos presentados ou achega doutros complementarios, para os efectos previstos nos artigos 72 a 82 do TRLCSP, poderá conceder para iso un prazo non superior a tres (3) días hábiles, o que se lle comunicará aos interesados para que aporten a documentación ou aclaración requirida. Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

A apertura do **SOBRE B, Documentación cuxa ponderación depende dun xuízo de valor**, levarase a cabo nun acto de carácter público que se celebrará unha vez aberta a documentación administrativa.

Para este efectos comunicáraselle aos licitadores, mediante notificación por fax ou correo electrónico e publicada no perfil do contratante do órgano de contratación, o lugar, data e hora do acto público de apertura dos mencionados sobres.

Neste acto pola presidencia da Mesa informarase do resultado da cualificación da documentación presentada polos licitadores, con expresión das proposicións admitidas, as rexeitadas e as causas da exclusión. A continuación procederá á apertura da documentación incluída no sobre B, relativa a criterios non avaliados de forma automática, tal e como prevé o artigo 27 do RD 817/2009.

Unha vez que a mesa de contratación realizou as anteriores actuacións e a valoración, solicitando informes técnicos, no seu caso, sobre a documentación incluída no sobre B, comunicarlle aos licitadores, mediante notificación remitida por fax ou correo electrónico, e publicada no perfil do contratante do órgano de contratación, o lugar, data e hora de acto de apertura do **SOBRE C: Oferta económica e Documentación cuantificable de forma automática**.

O acto comezará dando a coñecer a puntuación asignada á avaliación dos criterios que depende de xuízos de valor.

Acto seguido, procederase á apertura do Sobre C, e a dar lectura ás ofertas económicas e demais

elementos que se teñen que valorar mediante a aplicación de fórmulas, escalas ou porcentaxes.

Para a valoración das ofertas, a Mesa de Contratación poderá recabar os informes ou aclaracións que estime oportunos dos técnicos municipais.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Requerimento de Documentación

Á vista da valoración dos criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor (Sobre «B») e dos criterios cuxa ponderación é automática (Sobre «C»), a Mesa de Contratación propondrá ao licitador que presentase a oferta máis vantaxosa.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, salvo que se estableza outra cosa nestes pregos.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Garantía Definitiva

O licitador que presentase a oferta máis vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía dun 3% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento do TRLCSP. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento do TRLCSP establezan.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento do TRLCSP establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a anterior.

Téñase en conta que se as tarifas as aboa a Administración contratante se permite, cando así se prevexa no prego, que a garantía sexa constituída mediante retención no prezo, fixando neste prego a forma e condicións da retención.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 100 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e transcorrido [6 meses] desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á súa devolución ou cancelación unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o citado artigo 100.

En casos especiais, o órgano de contratación poderá establecer que, ademais da garantía definitiva, se preste unha **complementaria** de ata un 5% do importe da adxudicación do contrato; a garantía total poderá alcanzar un 10% do importe do contrato.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Ofertas con Valores Anormais ou Desproporcionados

De conformidade co artigo 152.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, cando para a adxudicación deba considerarse máis dun criterio de valoración, poderán expresarse nos pregos os parámetros obxectivos en función dos cales se apreciará, no seu caso, que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados. Se o prezo ofertado é un dos criterios obxectivos que deben servir de base para a adxudicación, poderán indicarse no prego os límites que permitan apreciar, no seu caso, que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia de ofertas desproporcionadas ou anormais.

No caso que nos ocupa, debido ao carácter de concesión demanial destes pregos, e os criterios de valoración que constan na cláusula novena destes pregos, non se entende procedente a inclusión de parámetros relativos á existencia de baixas anormais ou desproporcionadas.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Adxudicación do Contrato

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada e notificarse aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitise a súa oferta.
- En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.
- Na notificación e no perfil de contratante indicarse o prazo en que debe procederse á súa formalización.

A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico ao enderezo que os licitadores ou candidatos designasen ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos. Con todo, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, será de cinco días.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉPTIMA. Formalización da concesión

A formalización da concesión en documento administrativo efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes a contar dende a data da notificación da adxudicación; constituíndo devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Cando por causas imputables ao contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso esixise.

CLÁUSULA DÉCIMO OCTAVA. Dereitos e obrigas das partes.

18.1.- RELATIVOS AS OBRAS

18.1.1.- PROXECTO DE EXECUCIÓN Determinacións contidas no Proxecto

8.1.2.- ENTREGA DE TERREOS. O Concello da Estrada porá a disposición do concesionario a parcela obxecto do contrato, coas características detalladas na Cláusula 1 do presente prego. Se o concesionario incluíra na súa oferta unha menor ocupación de terreos do previsto no presente Prego, dita superficie sobrante quedará a libre disposición do Concello da Estrada

18.1.3.- EXECUCIÓN DAS OBRAS. As obras executaranse con estrita suxeción ás cláusulas estipuladas no contrato e aos proxectos básico e de execución, que serven de base ao mesmo e conforme ás instrucións que, en interpretación destes, dera ao contratista o facultativo supervisor das obras designado polo Concello, que serán de obrigado cumprimento para aquél, sempre que o sexan por escrito. En caso de incumprimento destas ordes, o facultativo supervisor das obras deberá propoñer ao órgano competente a paralización das mesmas, ata que sexa atendido o requerimento efectuado.

18.1.4.- PRAZO DE COMPROBACIÓN DO REPLANTEO. O prazo para a comprobación do replanteo das obras será de un mes a contar dende a notificación do acordo de aprobación do proxecto.

18.1.5.- PROGRAMA DE TRABALLO E PRAZOS DE EXECUCIÓN DAS OBRAS. O prazo máximo de execución das obras será o consignado na cláusula 4 deste Prego. 2.- No prazo de un mes, dende que se notifique a autorización para comezar as obras consecuentemente coa comprobación do replanteo, o contratista presentará un programa de traballo, no que se especificarán, dentro da ordenación xeral dos traballos, os periodos de execución das distintas unidades de obra, compatibles cos prazos parciais establecidos no proxecto aprobado. Se a comprobación do replanteo evidencia a necesidade de introducir modificacións no proxecto, a concesionaria redactará unha proposta razonada de modificación, que será aprobada ou rexeitada motivadamente polo Concello. A iniciación das obras suspenderase temporalmente, de forma total ou parcial, ata que se produza a aprobación da modificación necesaria. 3.- Os prazos de execución comezarán a contar a partir do día seguinte ao da acta de comprobación de replanteo. As condicións referentes á execución das obras e ao seu control, son as consignadas no Prego de Condicións Técnicas que rexe a presente contratación.

18.1.6.- PRAZO DE GARANTÍA DA OBRA. O prazo de garantía será dun ano, contado a partir da data de recepción das obras, por parte do Concello da Estrada.

18.1.7.- CUMPRIMENTO DAS LEIS .-O contratista está obrigado ao cumprimento da normativa vixente sobre Seguridade Social e sobre Prevención de Riscos Laborais, así como ás disposicións fiscais. O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por él, non implicará responsabilidade algunha para a Administración contratante.

18.2.- GASTOS E IMPOSTOS DA CONTRATACIÓN. Serán de conta do contratista a financiación da totalidade das obras das pistas de pádel, as modificacións e desviacións que se introducirán nos servizos existentes, como consecuencia daquelas, os de publicidade da licitación e da adxudicación do contrato e os relativos á formalización do mesmo, así coma aos prezos públicos, taxas e impostos a que dé lugar a celebración do contrato e a súa execución, con excepción dos correspondentes permisos, autorizacións ou licenzas, que, en relación ás obras, deba outorgar o Concello da Estrada.

18.3.- RESPONSABILIDADE POR DANOS E SEGUROS. O contratista será responsable dos danos que poidan ocasionarse como consecuencia da execución das obras e da explotación do servizo. Virá obrigado a acreditar ter ou haber constituido póliza de seguro concertada con calquera Entidade ou Compañía legalmente constituída, que garante o pagamento dos danos que se poidan ocasionar a terceiros, por importe mínimo de 100.000,00 euros.

18.4.- POSIBILIDADE DE SUBCONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS. En canto á porcentaxe de obra autorizado por subcontratación estarase ao disposto no art. 227 do TRLCSP.

18.5.- VARIACIONES DO PROXECTO. O contratista non poderá unilateralmente, efectuar ningún cambio no proxecto aprobado. En uso del “ius variandi”, o Concello da Estrada poderá introducir modificacións no proxecto, que darán lugar ás correspondentes modificacións deste contrato, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, e concorran razóns de interese público que aconsellen realizar a modificación.

18.6.- DEMORA NA EXECUCIÓN DAS OBRAS. Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incurra en demora respecto ao incumprimento do prazo total ou dalgún ou varios prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento destes últimos faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprimento do plan total, o Concello da Estrada poderá optar, indistintamente, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades que se establecen na lexislación vixente.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Relación concesional.

A relación concesional dará comezo no momento no que se suscriba entre o adxudicatario e o responsable do contrato en representación do Concello da Estrada, o correspondente documento de Acta de Inicio da Actividade, incorporando unha copia do mesmo ao expediente de contratación.

19.1.- SITUACIÓN DO CONCELLO. O Concello da Estrada será titular das instalacións, que terán a natureza de bens de dominio público e tamén é titular do servizo, cúa competencia ten atribuída en virtude do artigo 25.m) da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, o cal xustifica o poder xeral de ordenación sobre o servizo e, por conseguinte, o exercizo das facultades de supervisión, impulso e control das obras e servizo en todo momento. Dado o carácter público do servizo a prestar, o Concello da Estrada resérvase a facultade de ditar disposicións encamiñadas á súa maior efectividade e mellor atención cidadá, que serán de obrigado cumprimento para o concesionario.

19.2.- SITUACIÓN DO CONCESIONARIO O concesionario durante o prazo de vixencia da concesión que se lle outorga, salvando os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros, desenvolverá a actividade obxecto do presente contrato revestido das facultades necesarias para a execución das obras e posterior xestión do servizo, con dereito á protección administrativa para prestar o servizo e exercer os poderes de policía delegados polo Concello.

19.3- DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES

19.3.1.- OBRIGAS DO CONCESIONARIO Serán obrigas básicas do concesionario as seguintes:

- O cumprimento fiel e exacto dos termos da concesión.
- Ceder ao Concello da Estrada semanalmente o uso das instalacións un mínimo de cinco horas (mellorable polo adxudicatario na súa oferta) para o desenvolvemento das actividades que considere. Dito uso semanal poderá computarse anualmente polo Concello distribuindo dita cesión horaria de común acordo co adxudicatario.
- Prestar o servizo coa continuidade convida e garantir aos particulares o dereito a utilizalo e coidar da orde no interior do recinto en todo momento nas condicións establecidas.
- Cuidar a boa orde do servizo, podendo ditar as oportunas instrucións.
- Indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que require o desenvolvemento do servizo, excepto cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración.
- Manter en bo estado de conservación as construcións e instalacións realizadas (seguridade, limpeza e estética) podendo ditarse instrucións neste sentido polo Concello da Estrada, que serán de obrigado cumprimento, estando obrigado a poñer en coñecemento do Concello calquera anomalía que se produza nas instalacións das pistas de pádel.
- Facilitar ao Concello da Estrada toda a información que este lle requira e permitir a inspección de todas as súas instalacións a persoal autorizado polo Concello, facilitando o acceso a oficinas, instalacións e obras.
- Asumir o custo e financiación da totalidade das obras necesarias para a realización da instalación obxecto deste contrato. O Concello non avalará ningún tipo de empréstito, nin participará, de ningún xeito, no custo ou financiación das obras, excepto o previsto nos Pregos en relación ás infraestruturas da parcela (enerxía eléctrica, auga, gas, saneamento e teléfono), que serán proporcionadas polo Concello da Estrada a pe de parcela.
- Queda obrigado ao pagamento dos anuncios da licitación e formalización do contrato, así como das indemnizacións que procedan por ocupacións temporais e permisos que precise como consecuencia das obras e posterior explotación do servizo.
- Cumprir as normas vixentes en materia fiscal, laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais, quedando o Concello exonerado de responsabilidade por este incumprimento, non xenerándose, en ningún caso, vínculos laborais entre o Concello da Estrada e o persoal contratado polo concesionario.
- Efectuada a recepción das obras executadas, procederase polo concesionario á declaración de obra nova e a súa inscrición no Rexistro da Propiedade a nome do Concello. Será así mesmo inscrito o dereito real de concesión, inventariándose no Concello a edificación.
- Con anterioridade ao momento previsto para a reversión, a xestión do servizo levarase a cabo con suxeición ao disposto no artigo 131.2 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

– O concesionario estará obrigado a asumir todas aquelas obrigas que se deriven directa ou indirectamente dos Pregos, tanto Administrativos, como Técnicos e do Proxecto de Explotación, que rexen esta contratación e cantas lle imponha a normativa vixente.

– Concertar e manter un seguro de responsabilidade civil, de contía suficiente para responder dos danos que se ocasionen a terceiros, como consecuencia da xestión do servizo.

– Cumprimento do calendario e dos horarios de apertura ao público que determine a lexislación vixente para o tipo de instalación que é obxecto de concesión.

– Se do cumprimento por parte do contratista se derivara perturbación grave no servizo público e o Concello non decidise a resolución do contrato, poderá acordar a intervención do mesmo ata que aquela desapareza. En todo caso, o contratista deberá de abonar á Administración os danos e prexuízos que lle haxa irrogado.

– O concesionario sufragará pola súa conta directa e exclusiva, os gastos, tanto ordinarios como extraordinarios, que orixinen as instalacións por razón de tributos, subministros, servizos e cantos se deriven da súa explotación.

– O concesionario vivirá minuciosamente o funcionamento das instalacións e revisará os mecanismos das mesmas para garantir a seguridade dos usuarios. Deberá atender ao respecto calquera indicación que se lle faga polo Concello. Deberá así mesmo efectuar as renovacións e melloras das instalacións que sexan necesarias. Toda renovación ou mellora requirirá a previa autorización do Concello, que se concederá, no seu caso, previa a presentación do plan de mantemento, revertindo ao Concello ao rematar o período de concesión, calquera que fose a data de introducción ou posta en servizo nas condicións especiais que se estipulen.

– O empresario será responsable de toda reclamación relativa á propiedade industrial e comercial e deberá de indemnizar á Administración de todos os danos e prexuízos que para a mesma poidan derivarse da interposición de reclamacións. Así mesmo será responsable dos danos que poidan ocasionarse como consecuencia da execución do contrato.

– O concesionario realizará obrigatoriamente, á súa costa, todas as modificacións (obras, etc.) previa autorización do Concello da Estrada, que sexan precisas para cumprir en todo momento coa lexislación vixente en materia de instalacións deportivas.

– O concesionario non poderá arrendar nin subarrendar as instalacións que conforma a actividade principal obxecto do presente contrato.

– Admitir ao uso e disfrute a toda persoa que cumpra os requisitos regulamentarios e velar para que os usuarios das instalacións se comporten adecuadamente, respetando as normas de convivencia e hixiene que sexan aplicables.

– Manter a disposición dos usuarios o correspondente Libro de Reclamacións, dando conta ao Responsable Municipal do contrato, das queixas, observacións ou reclamacións anotadas no mesmo, de xeito trimestral.

– Exercer por sí a concesión e non cedela ou traspasala a terceiros sen a autorización do órgano de contratación.

– Non enaxenar nin gravar ningún tipo de bens afectos á concesión que revertirán ao Concello,

salvo autorización expresa do órgano de contratación.

- Cumprir estrictamente as normas ou ordenanzas en vigor sobre a prestación do servizo, en particular as normas sobre utilización de instalacións deportivas municipais que aprobe o Concello da Estrada, regulando o control sanitario das instalacións.

- Manter en perfecto estado de conservación, hixiene e limpeza, todo o material, servizos e instalacións que revertirán ao Concello, coidando todo co máximo decoro e estética efectuando as reparacións que sexan precisas ao efecto, cumprindo estrictamente as disposicións de índole hixienicosanitarias, todo iso de acordo coas normas de carácter xeral que ao efecto ditamine a autoridade competente, así como o ofertado polo adxudicatario na súa proposición. Para garantir o cumprimento desta obriga, con vintecatro meses de antelación á reversión, o Concello poderá designar un Interventor da concesión, que vixiará a conservación das instalacións e material, e informará á Corporación sobre as reparacións ou substitucións necesarias. O concesionario asumirá á súa costa o mantemento integral do conxunto de bens que abarcan o obxecto da concesión, entendendo por tal o mantemento preventivo e correctivo ademais do esixido polas normas aplicables e os manuais específicos de cada instalación. O plan de explotación na proposta dos licitadores, deberá de conter un avance do plan de mantemento que teña en conta todos os requisitos esixidos no presente Prego, plan que posteriormente deberá de aprobar o órgano de contratación. O concesionario deberá presentar ao Responsable Municipal competente para a vixiancia do contrato, os contratos de mantemento daquelas instalacións que para a súa posta en marcha son esixibles de acordo coa normativa vixente. O concesionario remitirá un informe trimestral de mantemento elaborado pola empresa encargada do mesmo, que incluírá memoria das actividades efectuadas e as labores proxectadas para o seguinte trimestre. Anualmente o concesionario presentará unha auditoría técnica que resuma o resultado do ano anterior.

- O concesionario asumirá os gastos de subministro de auga, enerxía eléctrica, teléfono e calequeira outros necesarios para o funcionamento do servizo, así como os servizos de limpeza, recollida de lixo, vixiancia e seguridade do recinto. En ningún caso poderá figurar a propiedade do edificio como responsable subsidiario do abono destes gastos. Antes da finalización do contrato e como requisito previo para a devolución da garantía definitiva, o concesionario deberá xustificar ante o Concello estar ao corrente de todos estes pagamentos.

- Correrá a cargo do concesionario a seguridade, garda e custodia das instalacións. Esta obriga é independente do cumprimento das medidas de seguridade antiviolenxia que poidan derivarse da normativa aplicable pola actividade a desenvolver na instalación. Para o control de accesos deberá de dispoñer dos medios humanos e/ou técnicos para garantir o servizo. Deberá o concesionario presentar o plan que desenvolva o avance do plan de seguridade e evacuación no prazo de dous meses seguintes á sinatura do contrato, para a súa aprobación polo Concello. Durante o período que transcorra entre a sinatura do contrato e a aprobación do Plan polo Concello, cada una das actividades que se desenvolvan nas instalacións deberán de contar coa autorización pertinente na materia de referencia.

- A limpeza ordinaria e extraordinaria de todas as instalacións. Contratar e manter todo o persoal necesario para o bo funcionamento do servizo, con estrita suxeición á normativa social e laboral que lle sexa de aplicación. Deberá de contar con un Director ou Administrador que sexa o interlocutor do

Concello. O concesionario terá todos os dereitos e obrigas inherentes á súa condición de empresario do citado persoal, con arranxo á lexislación laboral e social aplicable, sen que en ningún caso o Excmo. Concello da Estrada resulte responsable das relacións entre o concesionario e os seus traballadores. O Concello non terá relación xurídica nin laboral co persoal do concesionario, debendo facerse constar esta circunstancia nos contratos de traballo que subscriba. Así mesmo, é obriga do concesionario presentar anualmente ao responsable municipal competente para a vixilancia do contrato, declaración xurada relativa ao cumprimento das obrigas coa Seguridade Social, dado que o contrario será causa de resolución da concesión. O persoal disporá dunha indumentaria propia ao servizo que presten.

- Deixar ao remate da concesión libres e vacíos, a disposición da administración municipal, dentro do prazo establecido, as instalacións e bens efectos á concesión, recoñecéndose a potestade municipal para acordar e executar o lanzamento de non cumprirse o pactado.

- Indemnizar a terceiros os danos que se ocasionen polo funcionamento do servizo. O concesionario deberá subscribir, a favor do Concello da Estrada, unha póliza a todo risco polo valor das instalacións que figuren no proxecto constructivo. Dita póliza, por importe mínimo de 100.000,00 euros estará vixente durante toda a vixencia do contrato, cubrindo tanto a responsabilidade civil das edificacións como os accidentes deportivos que poidan producirse nas mesmas durante a vixencia do contrato. Deberá manterse actualizada cada cinco anos. Na póliza deberá facerse mención expresa de que non poderá ser cancelada sin o consentimento expreso do órgano de contratación. No caso de que se celebren no recinto actividades que impliquen unha asistencia masiva de público, o concesionario obrigase a subscribir unha póliza concreta que asegure a responsabilidade civil para este evento.

- Satisfacer as contribucións, licenzas e calesqueira outros tributos que graven o exercizo da actividade.

- Destinar o material afecto á concesión exclusivamente á prestación do servizo que se concede.

- Permitir que en calquera momento os técnicos municipais poidan inspeccionar o estado de conservación de todas as instalacións e materiais, e a prestación do servizo, e de observarse algunha deficiencia, estará obrigado a reparala no prazo que se lle ordene.

- Manter a máxima corrección no trato cos usuarios do servizo, facilitando a súa normal utilización e evitando calquera clase de reclamacións.

- Presentar anualmente ao órgano de contratación unha Memoria donde consten como mínimo los seguintes datos: Balance da empresa, detalle de ingresos e gastos, datos de asistencia aos distintos actos e servizos.

- Obter do órgano de contratación autorización expresa para a prestación de calquera servizo non incluído na concesión al tempo da súa adxudicación. Si o novo servizo implicara maiores ingresos, o concesionario na súa solicitude deberá de valoralos a indicar a contraprestación ofrecida ao Concello.

- Obter do órgano de contratación autorización expresa para a instalación de publicidade no exterior do recinto. Os ingresos derivados de publicidade, patrocinio, sponsorización e análogos corresponderán así mesmo ao concesionario, salvo cando se deriven de actividades promovidas polo Concello da Estrada.

- Con anterioridade á posta en marcha do servizo, o concesionario remitirá para a aprobación

municipal, o Regulamento Interior do servizo. Un exemplar deste Regulamento estará permanentemente a disposición dos usuarios do servizo.

19.3.2. DEREITOS DO CONCESIONARIO

Son dereitos do concesionario:

- 1.- Utilizar os bens de dominio público necesarios para a prestación do Servizo.
- 2.- Percibir as retribucións correspondentes pola prestación do Servizo.
- 3.- Obter a adecuada compensación económica para manter o equilibrio económico da concesión, no suposto de modificacións do servizo impostas pola Administración Municipal que supoñan aumento dos custos ou diminución da retribución, así como nos casos de asunción da xestión, por razóns de interese público, e no caso de rescate da concesión. En ningún caso se considerará causa de modificación ou ruptura do equilibrio económico da concesión, a apertura ou existencia na Vila da Estrada e termos municipais limítrofes doutros centros deportivos de similares características.
- 4.- Solicitar ou propoñer a revisión de tarifas, co IPC que corresponda, ao obxecto de manter o equilibrio económico-financiero da concesión, anque non se produciran modificacións do servizo.
- 5.- Todos aqueles que se deriven directa ou indirectamente dos Pregos, tanto Administrativos como Técnicos e do proxecto de explotación e proxecto de Construción que rexen esta contratación, así como os xerais da relación xurídica de que se trata.
- 6.- Ser respetado por terceiros na súa condición de contratista e concesionario, co apoio e protección necesaria da Corporación Municipal para que poida prestar o servizo concedido con normalidade e para que cesen as perturbacións que obstaculicen o seu desempeño.

19.3.3.- OBRIGAS DO CONCELLO 1.- Outorgar ao concesionario a protección adecuada no que se refire á explotación da concesión. 2.- Manter o equilibrio financeiro da concesión, para o que compensará economicamente ao concesionario por razóns das modificacións que lle ordeara introducir e que incrementaran os custos. 3.- O Concello facilitará os terreos de concesión dotados das infraestruturas básicas (enerxía eléctrica, auga, gas, saneamento e teléfono), a pé de parcela.

19.3.4.- PRERROGATIVAS DO CONCELLO O Concello ostentará, sen prexuízo das demais que procedan, as potestades seguintes:

- 1.- Ordear as modificacións na concesión que aconsellen o interese público e, entre outras, a variación de calidade, cantidade, tempo ou lugar das prestacións no que o servizo consiste.
- 2.- Exercer as facultades de control e fiscalización da xestión do servizo de conformidade co disposto no artigo 127 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
- 3.- Declarar a intervención da concesión nos casos en que non a prestase ou non a puidera prestar o concesionario por circunstancias imputables ou non ao mesmo.
- 4.- Impoñer ao concesionario as correccións pertinentes en razón da infracción que cometera, incluído o secuestro e a resolución do contrato.
- 5.- Declarar a caducidade da concesión, nos casos previstos.
- 6.- Acordar o rescate por razóns de interese público.

7.- O Concello resérvase expresamente a posibilidade de autorizar ou promover a construción doutros centros deportivos de similares características no termo municipal.

8.- Interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.

CLÁUSULA VIXÉSIMA . Reversión a favor do Concello

Cando remate o prazo contractual o servizo revertirá ao Concello da Estrada, debendo o contratista entregar as obras e instalacións a que estea obrigado con arranxo ao contrato e no estado de conservación e funcionamento adecuado, a cuio efecto deberá abandoar e deixar libres as mesmas, recoñecendo o dereito do Concello para acordar e executar o seu lanzamento. Dita reversión non implicará indemnización de ningunha clase por parte do Concello da Estrada ao concesionario. Este está obrigado a continuar na prestación do servizo despois de rematado o prazo de concesión, se así o acorda o Concello da Estrada, mentres non se celebre nova licitación, outorgamento da mesma ou se resolva prestar o servizo mediante outro sistema ou forma de xestión. Dita prórroga non poderá ser superior a un ano e durante ela rexerán as mesmas normas que rexeron durante o prazo de concesión.

Antes de que expire o prazo do contrato, o Concello designará Interventores Técnicos Municipais que vixiarán a conservación das obras e do material, e informarán ao Concello sobre as reparacións e reposicións necesarias para mantelas en condicións de uso axeitado. Se o concesionario incumpriña sistemáticamente as instrucións que curse o Concello ou obrase de mala fe, considerarase que se dan os supostos para declarar a caducidade da concesión. Da reversión da concesión, o Concello da Estrada levantará acta en presenza do concesionario, que deberá ser notificado a tal efecto con suficiente antelación. En dita acta reseñarase o estado de conservación dos bens revertidos, especificándose os deterioros que presenten. Se existiran deterioros imputables ao concesionario, a acta poderá servir de base para instruír o correspondente expediente no que se concretará o importe das reparacións que se esixirán ao concesionario. A mencionada reversión terá lugar no prazo de tres meses, a contar dende a notificación da extinción da concesión do correspondente acordo adoptado polo órgano de contratación. A garantía definitiva non será devolta en tanto non se comprobe o estado das instalacións, aos efectos establecidos nas cláusulas anteriores e, no seu caso, o Concello aplicará o importe de ésta á reparación dos bens deteriorados, ao acondicionamento destes e á adquisición dos indebidamente retirados. Procedéndose a facer efectiva a parte do débito non cuberto coa garantía definitiva por vía de apremio. Concluída a concesión, o Concello pasará a ocupar, sen solución de continuidade, as instalacións obxecto de reversión, extinguíndose os dereitos reais ou persoais que poidan ostentar terceiras sobre a concesión e sen que o Concello asuma os contratos de traballo que poidera ter concertado o concesionario para o exercizo da súa actividade, circunstancia que se fará constar de xeito expreso nos contratos laborais que subscriba o concesionario.

CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Infraccións e procedemento sancionador.

O órgano de contratación poderá impoñer ao concesionario sancións económicas pola comisión de infraccións cometidas por el mesmo. As infraccións nas que poida incorrer o concesionario clasifícanse en leves, graves e moi graves, atendidas as circunstancias, intencionalidade e prexuízo que ocasionen.

1.-Faltas leves.-Retraso no cumprimento das obrigas do concesionario.-A falta de notificación ao Concello de modificacións non substanciais do proxecto técnico.-A falta de limpeza ou defectuosa conservación da instalación, sempre que non supoña deterioro grave das obras ou instalacións afectas ao contrato de concesión.-A desobediencia do concesionario aos requerimentos dos Departamentos Técnicos do Concello, sempre que o obxecto dos mesmos non constitúa falta grave ou sexa causa de caducidade ou resolución.-As infraccións leves de normas laborais, tributarias ou administrativas.-A falta de sometimento á inspección dos Servizos Técnicos Municipais.- Calquera incumprimento contractual non recollido nos apartados anteriores e que non deba conceptuarse como graves ou moi graves.

2.-Faltas graves:-Reiteración, por máis de tres veces, na comisión de faltas leves.-Demora no pagamento da taxa de explotación establecida a favor do Concello.-Demora no pagamento da póliza de seguros á que se fai referencia neste Prego, que producise algún período de falta de cobertura.- A falta de notificación ao Concello de modificacións substanciais do proxecto técnico. Os defectos na calidade dos materiais ou na execución das obras, que non afectan á seguridade e funcionalidade da instalación e poidan ser subsanadas coas debidas garantías técnicas.- A negligencia no deber de limpeza e conservación da instalación sempre que supoña deterioro grave das obras ou instalacións afectas á concesión ou o incumprimento das instrucións ditadas pola autoridade municipal a estos efectos.-A negligencia nas condicións hixiénico sanitarias das instalacións deportivas xestionadas polo concesionario.- Calquera actuación que dificulte gravemente o control ou a inspección municipal dos traballos contratados ou a falta de presentación da documentación relativa ao funcionamento do servizo.- A falta de presentación no prazo e forma establecidos, dos proxectos de execución e do plan de obras.-O incumprimento dos prazos parciais establecidos no plan de obras, sempre que dito incumprimento, faga presumir racionalmente, a imposibilidade de rematar as obras no prazo establecido, salvo que, en atención ao prazo de demora e aos prexuízos causados ao interés público, proceda a declaración de caducidade. A infracción grave de normas laborais, tributarias, administrativas e de seguridade. O incumprimento reiterado por máis de dúas veces ao semestre, de advertencias formuladas polos servizos municipais por escrito, sobre deficiencias dos servizos obxecto da concesión. O incumprimento das ordes municipais sobre modificacións ou melloras do servizo, que non impliquen maior gasto para o concesionario.- Causar danos a bens ou a terceiros por culpa ou negligencia na execución da concesión, sen prexuízo da responsabilidade patrimonial que os prexudicados poidan esixir. O incumprimento por parte do adxudicatario da entrega da documentación relativa á xestión da explotación no xeito e prazos establecido. Todas aquelas que, implicando un incumprimento das obrigas establecidas para o contratista nos pregos que rexen esta contratación, non merezan a calificación de moi grave nin deban ser consideradas leves.- O uso anormal do dominio público concedido.

3.-Faltas moi graves: Considéranse faltas moi graves as seguintes:

a)O incumprimento do requerimento efectuado pola administración para a presentación dos

proxectos de execución e do plan de obras, cando non se cumprise esta obriga no prazo sinalado no presente prego. b) O cobro de prezos superiores aos aprobados polo Concello en concepto de prezos ou taxas pola entrada e/ou uso de todas as instalacións obxecto de concesión. c) A acumulación de tres faltas graves no transcurso de un ano. d) Abandono da execución das obras, entendéndose por tal a suspensión dos traballos, sen causa xustificada, durante un prazo superior a trinta días. e) Alteración das taxas aprobadas polo Concello. f) Adicar as instalacións a fins distintos dos sinalados no contrato. g) Incurrir en deficiencias graves no mantemento das instalacións, obras e servizos, salvo que sexan subsanadas coas debidas garantías técnicas. h) Non presentar o adxudicatario, no prazo e forma establecidos, as propostas dos Plans de Funcionamento (incluída Seguridade e Hixiene no Traballo) e de Mantemento e Conservación. i) A aparición de danos nalgúns compoñentes das instalacións, atribuídas á falta de conservación e que teñan como consecuencia a inutilización dos mesmos antes do período normal da súa amortización. j) A desobediencia reiterada das ordes do Concello ou a obstaculización das inspeccións e fiscalización do persoal municipal. k) Ceder total ou parcialmente a concesión, subarrendala, traspasala, hipotecala e pignoral sen autorización expresa do Concello da Estrada ou contravindo as indicacións deste. l) A interrupción reiterada e inxustificada ou sen previo aviso dos servizos, salvo causa de forza maior apreciada polo Concello o paro laboral desenvolto en forma legal, ou o incumprimento dos servizos mínimos neste último suposto. m) Non incrementar a fianza definitiva nos casos en que esté obrigado. n) Incumprimento das normas laborais e do Convenio Colectivo de persoal a empregar. o) Impago das cotas da Seguridade Social do persoal empregado. p) Incumprimento grave das normas hixiénico-sanitarias que sexan de aplicación á actividade obxecto de concesión.

SANCIÓNS.

.-MOI GRAVES: Penalizaranse con multa entre 501 e 1.000 euros por cada infracción.

.-GRAVES: Penalizaranse con unha multa entre 101 e 500 euros por infracción.

.-LEVES: Penalizaranse con multa entre 50 e 100 euros por infracción. Para a imposición de penalidades por incumprimentos contractuais seguirase un expediente sancionador sumario, no que se concederá ao contratista un prazo de alegacións de 5 días naturais tras formularse a denuncia ou verificarse polo responsable municipal do servizo a situación. Ditas alegacións e o expediente sancionador serán resoltos pola Xunta de Goberno Local, previo informe do responsable municipal do servizo e informe xurídico do Negociado de Contratación, en resolución que poñerá fin á vía administrativa. As penalidades impostas serán inmediatamente executivas e faranse efectivas na conta corrente cuíus datos obren no Concello, mediante incautación da garantía definitiva ou pola vía administrativa de apremio.

As infraccións das obrigas contractuais cometidas polo adxudicatario prescribirán nos prazos seguintes, contados a partires da data na que o Concello teña coñecemento da infracción cometida:

.-Leves aos 12 meses.

.-Graves aos 24 meses.

.-Moi graves aos 36 meses.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Extinción da relación concesional.

CADUCIDADE: Procederá a declaración de caducidade nos casos previstos no artigo 136 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, no suposto de que o concesionario incumprira as obrigas contidas na súa oferta e/ou nos Pregos de Cláusulas Administrativas, de condicións Técnicas e Proxecto de Explotación do servizo. Tamén serán causas de resolución do contrato, as establecidas no artigo 100 da LPAP e as que a continuación se sinalan:

a) Non presentar, no prazo e forma establecidos, o Proxecto de construción da instalación obxecto do contrato.

b) Incurrir en defectos graves na execución das obras, salvo que sexan subsanados coas debidas garantías técnicas.

c) Remate do período da concesión.

d) Impago da taxa de explotación establecida durante tres anualidades consecutivas.

e) Suspensión da prestación do servizo sen causa xustificada suficiente.

f) Alteración á alza polo concesionario das tarifas establecidas para a entrada e uso das instalacións, sen previa autorización do órgano de contratación.

g) Adicación da instalación a actividades non autorizadas polo Concello.

h) Non atender coa debida dilixencia e coidado á conservación da instalación ao non cumprir as instrucións ditadas polo Concello da Estrada.

i) O incumprimento da normativa hixiénico-sanitaria con transcendencia directa para a saúde pública.

j) Non acomodar a instalación ás Ordenanzas Municipais e á normativa autonómica ou estatal relativa ás instalacións deportivas e ás que no sucesivo poida aprobarse e que supoña unha obrigada mellora para o interese do usuario. Cando a acomodación non fora posible, podería chegar o Concello á revocación da concesión, con dereito do titular a indemnización, de conformidade co disposto no artigo 16 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

k) Non respetar os principios de igualdade e discriminar na asignación das prazas para a utilización das instalacións.

l) Por disolución ou quebra da empresa concesionaria, sen que exista dereito a indemnización algunha.

m) Por destrución das instalacións, xa sexa total ou parcial, en máis dun cincuenta por cento do valor das mesmas, sen que iso dea lugar a indemnización algunha.

n) Por rescate da concesión cando veña determinado por causas de interese público, coa correspondente indemnización.

o) Por acordo entre o Concello e o concesionario, fixándose, neste caso, de común acordo a indemnización a aboar, se procede.

p) Cesión, transferencia ou novación da concesión, de calquera dos bens inmoables afectos a ella, ou gravames non previstos nos plans de financiación.

q) Cando o adxudicatario deba repoñer a garantía definitiva por terse feito efectivas sobre a inicial as penalidades ou indemnizacións esixibles e non o realizara en prazo.

r) En calquera dos casos de caducidade expresados, a obra executada quedará de propiedade do

Concello, sen dereito a indemnización a favor do concesionario, excepto o indicado nos apartados j), m) e n).

RESCATE OU DESALOJO. Salvo cando o rescate esté baseado en motivos imputables á culpa do concesionario, o Concello procederá ao resarcimento de danos e indemnización de prexuízos de acordo coas normas vixentes na materia. O Concello resérvase o dereito de rescatar a concesión antes do seu vencimento, si fora xustificado por razóns de interese público. No caso de que o rescate fose motivado por dolo ou culpa do concesionario, procederá a incautación da garantía, así como a indemnización de danos e prexuízos, de conformidade coas normas vixentes no seu momento. No caso de acordarse o rescate da concesión, o concesionario comprométese a abandonar e deixar libre as instalacións no prazo de dous meses, contados a partires da data de notificación do acordo de rescate. Noutro caso perderá automaticamente o dereito de indemnización de danos previsto na cláusula anterior. Se o concesionario non procedera ao desaloxo no prazo que se lle indique por esta Administración, calquera que fose a causa, perderá automaticamente o dereito a resarcimento ou indemnización.

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA . Transmisión da concesión.

O concesionario non poderá subarrendar, ceder ou traspasar a terceiros os dereitos derivados da concesión sen a previa e expresa autorización do Concello da Estrada.

CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA . Réxime Xurídico do Contrato

O presente contrato ten carácter administrativo especial e rexerase en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, serán de aplicación o Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais , o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña ao Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro e estea vixente tras a entrada en vigor do RD 817/2009; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

A Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Na Estrada, a 22 de marzo de 2016

O Alcalde,

Asdo.: José C. López Campos.



Anexo I. DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dña., con DNI en nome propio ou en representación da empresa, con CIF, manifesta a súa vontade de participar no procedemento aberto, modalidade de concurso, convocado para a “CONCESIÓN DEMANIAL CONSISTENTE NA CONSTRUCCIÓN, EXPLOTACIÓN E XESTIÓN DE CATRO PISTAS DE PADEL NO FRONTÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DA ESTRADA.”

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Primeiro.- Que cumpre todos os requisitos previos esixidos polo punto primeiro do artigo 146 do do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato antedito, en concreto, os seguintes:

- 1.- Que coñece os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que serven de base ó contrato e que os acepta como lei de contrato.
- 2.- Que cumpre coas condicións establecidas legalmente no TRLCSP para contratar co Concello da Estrada, ostentando plena capacidade xurídica e de obrar e, de ser o caso, ten poder bastante para representar a empresa neste procedemento de contratación.
- 3.- Que cumpre cos requisitos de solvencia económica, financeira, técnica ou profesional esixidos para contratar coas Administracións Públicas.
- 4.- Que non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no artigo 6o do TRLCSP.
- 5.- Que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado e ao Concello da Estrada e fronte á Tesourería da Seguridade Social.
- 6.- Que ten a clasificación esixida no Prego de Cláusulas Administrativas e que está vixente á data de presentación da oferta, sendo esta: Grupo Subgrupo Categoría (no caso de que se esixa clasificación conforme aos Pregos Administrativos).

No caso de que unha parte da prestación obxecto do contrato, cuxo importe non exceda do 50% do prezo do contrato, teña que ser realizada por empresas especializadas cunha determinada habilitación ou autorización profesional, a mercantil declara que suplirá a clasificación no subgrupo correspondente a dita especialización subcontractando a execución desta parte con outros empresarios que dispoñan da habilitación e no seu caso, clasificación necesaria.

7.- No suposto de que a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación, así como os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional se acrediten mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou mediante un certificado comunitario de clasificación, o licitador manifesta que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.

8.- Que acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do presente expediente, no caso de que o Concello decida facelo mediante este medio, sendo o masmo o seguinte:

9.- No suposto de que o licitador sexa estranxeiro, comprométese a someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder.

Segundo.- Que se compromete, no caso de que a súa oferta resulte máis vantaxosa, a presentar, previamente a adxudicación do contrato, os documentos aos que se fai referencia no punto primeiro desta declaración e que sinalen os pregos que rixen esta contratación.

Terceiro.- Que adxunta resgardo acreditativo de ter constituída a garantía provisional.

E para que así conste, asina esta declaración na Estrada, a ____ de _____ de 20__

Anexo II. TARIFAS BÁSICAS.

Por tramos horarios:

- 9.00 horas - 13.00 horas: 3 euros por persoa/hora
- 13.00 horas - 18.00 horas: 5 euros por persoa/hora
- 18.00 horas – 23.00: 7 euros por persoa/hora

Fins de semán e festivos: 7 euros por persoa/hora (en calquera dos tramos horarios)

Bonos (de 10 horas): desconto 10% en cada un dos prezos fixados para os distintos tramos horarios.

O Técnico de Deportes,



Asdo. David Carballo Calvelo

